



RÍO MAIOR-VILABOA

Adela Leiro, Mon Daporta
agos 2017



Distancia: 5, 2 km (ida e volta)
Dificultade: baixa





Unha andaina remontando por unha ou outra beira, segundo nos leve o carreiro, o río Maior en Vilaboa para atoparnos, nun traxecto lineal duns 2,5 km, con 34 muíños en diferentes estados de conservación, algúns de boa factura e a maior parte restaurados, mentras camiñamos por un roteiro ben sinalizado e acondicionado aínda que nalgúns puntos a madeira, por cousa do paso do tempo (o roteiro acondicionouse fai xa máis de 10 anos) e de algún mal uso, necesita que lle boten unha man.



PERCORRIDO:

Seguindo as orientacións do concello e de outros camiñantes comezamos ao pé da casa da cultura, debaixo do viaducto da autoestrada, e botamos a andar pola beira dos cultivos para, ao ir gañando altura, meternos dentro dun fermoso bosque de ribeira no que carballos, loureiros, salgueiros, amieiras, abeleiras e algún que outro eucalipto nos protexen do sol, e as súas especies acompañantes -hedras, silvas, outros arbustos e herbas variadas, e numerosos fentos do monte, das ribeiras e das árbores completan o conxunto-.

O río sen ter moito caudal déixase ver e faise sentir en numerosos pequenos saltos que fan máis ameno e entretido o camiño no que cada pouco atopamos un ou varios muíños que nalgúns ocasións están dispostos de xeito que a auga que sae de traballar nun poña a traballar ao seguinte nun exemplo de coñecemento, bo facer e sentido do aforro.

Do muíño 34, xa fóra de ruta e subindo cara á dereita por un carreiro no que aparece a sinal de dirección errada saímos a un camiño e collendo por el cara á esquerda atopamos ao pouco un carballo de case catro metros de perímetro e unha ampla e fermosa copa que pode servir para poñer o punto final ao traxecto de ida. A volta, agora costa abaixo, faise máis lixeira e serve para recoñecer de novo detalles que nos chamaron a atención na subida e descubrir algún outro que quedou agochado polo sentido da marcha ou porque a curiosidade fixou a nosa atención noutro punto.





Carballo
de 3,70 m
de perímetro

